

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Auditoría e xestión ambiental				
Materia	Auditoría e xestión ambiental			
Código	O01G261V01701			
Titulación	Grao en Ciencias Ambientais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Bioloxía vexetal e ciencias do solo			
Coordinador/a	Seijo Coello, María del Carmen			
Profesorado	Meno Fariñas, Laura			
Correo-e	mcoello@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B1	Que os estudantes sexan capaces de desenvolver habilidades de análises, síntese e xestión da información no sector agroalimentario e do medio ambiente.
C8	Coñecer e comprender os distintos sistemas de xestión ambiental e de calidade.
C9	Coñecer e comprender o manexo de ferramentas informáticas de aplicación en materia ambiental.
C12	Coñecer e Comprender os fundamentos para a xestión ye restauración do medio natural
C14	Coñecer e comprender os fundamentos dos Sistemas de Xestión Ambiental.
D1	Capacidade de análise, organización e planificación.
D3	Comunicación oral e escrita na lingua nativa e estranxeira.
D4	Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información.
D5	Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións
D9	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
RA1. Que os estudantes sexan capaces de coñecer e comprender os fundamentos do SXMA así como os aspectos claves para a súa integración	A3	B1	C8 C9 C12 C14	D1 D3 D4 D5
RA2. Capacidad para aplicar os coñecementos en casos prácticos	A3 A4	B1		D1 D3 D5 D9

Contidos	
Tema	
Aproximación aos sistemas de xestión ambiental	Tema 1. Introdución á xestión ambiental e ós sistemas de xestión ambiental Tema 2. Instrumentos de xestión ambiental

Desenvolvemento e implantación dun sistema de xestión ambiental	Tema 3. Introdución a norma ISO 14001 e o regulamento EMAS Tema 4. Implicacións básicas da implantación dun SXM Tema 5. Requisitos do Sistema de Xestión Ambiental
Integración con sistemas de calidade e outras ferramentas afíns ós SXMA	Tema 6. Aspectos clave na integración de Sistemas. Tema 7. Análise do Ciclo de Vida

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	26	58	84
Lección maxistral	12	30	42
Traballo tutelado	2	20	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Entrenamento na resolución de situacións e casos prácticos.
Lección maxistral	Explicación e debate en aula de cada tema. A sesión maxistral ten por obxecto facilitar a formación básica dos estudantes nesta materia.
Traballo tutelado	Proposta para a resolución de casos prácticos de xeito autónomo

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Mediante presentación en aula e usando a plataforma de teledocencia TEMA fomentando en todo momento a participación activa dos estudantes.
Seminario	Mediante titorización individual o en grupo para a realización de casos prácticos
Traballo tutelado	Durante o horario de títorias de xeito individual ou en pequeno grupo.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante a realización da mesma

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Asistencia e actitude durante a realización e calidade das actividades realizadas. Avaliación resultados aprendizaxe 1 e 2	10	A3 A4	B1	C9 C14	D1 D3
Traballo tutelado	Execución dun SXMA Avaliación resultados aprendizaxe 1 e 2	60	A3 A4	B1	C9	D1 D3 D4 D5 D9
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cuestións relativas á formación proporcionada durante as clases maxistrais e os seminarios. Avaliación resultados aprendizaxe 1 e 2	30		B1	C8 C9 C12 C14	D3 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Utilizarase a modalidade de avaliación contínua seguindo a secuencia de actividades que se realicen. Os estudantes que non poidan asistir ás clases presencias de seminarios deberán entregar un documento que xustifique, debidamente, o motivo polo que non van asistir a estas actividades. Para estes estudantes o sistema de avaliación será o mesmo pero deberán elaborar unha memoria de actividades, similares ás que se realizan en seminarios segundo lle indique a profesora coordinadora da materia.

É requisito imprescindible acadar como mínimo o 50% da cualificación en cada un dos apartados: lección maxistral e seminarios para poder superar a materia.

Para a segunda edición manteranse as cualificacións parciais obtidas, con excepción da correspondente ao exame.

A convocatoria Fin de Carreira será un único exame final cun valor do 100% da cualificación.

Exames:

Fin de Carreira 09/09/2020 ás 16h.

1ª edición 16/11/2020 ás 10h.

2ª edición 2/07/2021 ás 10 h.

En todo caso, se as datas dos exames non coinciden coas datas publicadas pola Facultade de Ciencias, prevalecerá o establecido na súa páxina Web e no taboleiro de anuncios.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

HEwitts R. & Robinson G., **ISO 14001 EMS manual de sistemas de gestión medioambiental**, 1999

Cortés Díaz, José M., **Técnicas de prevención e higiene ocupacional**,

Ministerio de medio ambiente,

Aranzadi,

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Tanto en caso de docencia mixta como non presencial a avaliación será continua utilizando a plataforma FAITIC e Campus Remoto, onde se subirá toda a información necesaria para a consecución dos obxectivos do curso.

* Metodoloxías docentes que se modifican
En caso de docencia mixta: Tanto as clases maxistrais, como a resolución de traballos de casos prácticos en seminarios serán presenciais. No caso de non ser posible esta modalidade por superar o aforo da aula, o alumnado pasará a ser titorizados individualmente de xeito online a través das aulas virtuais do Campus Remoto.
En caso de docencia non presencial: Todas as metodoloxías presenciais de teoría, e resolución de traballos de casos prácticos en seminarios pasarán a ser online a través das aulas virtuaís do Campus Remoto.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
As titorías serán online a través do despacho virtual do profesor en Campus Remoto pedindo cita previa ao correo electrónico do profesor.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modifican os contidos a impartir en ningunha modalidade.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Non se considera necesario incluír bibliografía adicional.

* Outras modificacións
Este guía docente está planificada para permitir que a docencia sexa impartida en calquera das modalidades: presencial, mixta e non presencial.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Tanto para o caso de docencia mixta como non presencial: As probas xa realizadas manterán o seu peso.

* Probas pendentes que se manteñen
Na docencia mixta: as probas pendentes tamén manteñen o seu peso. As probas escritas serán de xeito presencial, a non ser que as autoridades académicas indiquen o contrario.
Na docencia non presencial: as probas pendentes tamén manteñen o seu peso. As probas escritas pasarán a ser avaliadas de forma on-line.

* Probas que se modifican
Na modalidade mixta non haberá cambios na forma de realizar as probas de avaliación.
Na modalidade non presencial: Preguntas sobre temario presencial a través da plataforma vixente (Faitic, Campus Remoto, Moodle).

* Novas probas
Non será necesario novas probas de avaliación tanto na modalidade mixta como na modalidade non presencial.
* Información adicional